

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B).

A Constitución española, no seu artigo 14, prohíbe expresamente calquera discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, formula o mandamento expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas. Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

En desenvolvemento destas competencias asumidas polo Estatuto aprobáronse dúas leis galegas en materia de igualdade, unha no ano 2004, de carácter integral, e outra no ano 2007, específica para o ámbito do traballo, hoxe recollidas no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. A promoción da igualdade entre mulleres e homes constitúe tamén un obxectivo básico e prioritario para a Xunta de Galicia, e tivo o seu reflexo nas ditas normas e na implantación de plans que definen e recollen estratexias globais para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos da sociedade.

O VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2021-2027 recolle como unha das súas prioridades de actuación a de «fomentar as políticas de igualdade no eido local» a través, entre outras medidas, da consolidación da Rede de centros de información á muller de Galicia para o fomento da igualdade no ámbito local, da colaboración e coordinación coa Administración local para o deseño e



a implantación de programas e medidas de conciliación, así como para a prevención e atención integral en materia de violencia de xénero. Isto tamén se afianza nas áreas estratéxicas para a igualdade, en particular, no obxectivo específico 2.3 «reforzar os recursos que facilitan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar», en que se prevé como medida concreta o «estímulo ao desenvolvemento desde as entidades locais de programas e medidas que favorezan a conciliación»; e, no obxectivo específico 5.4 «promover a especialización e a diversificación dos recursos públicos para facilitar unha resposta de calidade ás necesidades das mulleres, en especial das que se atopan en situación de maior dificultade», faise mención expresa á oferta de servizos de atención e acompañamento ás mulleres en situación de vulnerabilidade a través da Rede de CIM. Así mesmo, nas áreas estratéxicas definidas para a prevención e tratamento da violencia de xénero, pola súa relación cos programas previstos nesta convocatoria, debe salientarse que no obxectivo específico 2.1 «fortalecer a resposta institucional para unha adecuada intervención e atención integral ás vítimas de violencia de xénero» se establece como medida concreta o apoio ás entidades locais para o desenvolvemento de programas para a atención a vítimas de violencia de xénero.

O fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal está presente na acción de goberno e nos instrumentos de planificación da Xunta de Galicia, como no Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, que inclúe no eixe prioritario 4, Cohesión social e territorial, unha prioridade de actuación PA 4.2 Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante, no que se inscribe un obxectivo estratéxico OE 4.2.5, Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións, contando entre as súas liñas de accións principais as destinadas a eliminar a discriminación por razón de sexo e favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, á vez que se promove un modelo de sociedade corresponsable en que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada as responsabilidades domésticas e familiares e realicen un uso equitativo dos tempos e das medidas de conciliación, entre outras.

O Plan Corresponsables é unha nova política pública promovida polo Ministerio de Igualdade, concretamente pola Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, que ten por obxecto iniciar o camiño cara á garantía do coidado como un dereito en España desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao abeiro da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. O artigo 14 establece que lles corresponde aos poderes públicos o establecemento de medidas que



aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia, e no artigo 44 sinala que os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral se lles recoñecerán aos traballadores e ás traballadoras de forma que fomenten a asunción equilibrada das responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio.

O II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025, ten por finalidade a consolidación e a visibilización de actuacións de distinta índole que incidan na conciliación, desde a base da corresponsabilidade familiar, poñendo o foco nunha repartición equitativa das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes, en liña coas últimas decisións adoptadas pola Comisión Europea que tratan de apoiar a conciliación da vida familiar e a vida profesional, a través da mobilización de instrumentos financeiros e instando a reorientación dos recursos existentes do orzamento da Unión Europea cara a investimentos prioritarios que contribúan á súa consecución. Así mesmo, promóvese a dignificación dos coidados e a calidade do emprego neste ámbito e da persoas profesionais, fomentando, así mesmo, a ruptura de estereotipos que levan á feminización dos coidados e a infrarrepresentación dos homes neste ámbito.

O II Plan galego de benestar laboral estrutúrase en cinco áreas estratéxicas de actuación en que traballar para avanzar no benestar laboral e na conciliación corresponsable. Unha das liñas desta convocatoria, a promoción de actuacións de conciliación, está enmarcada na área estratéxica 3 do plan, «Artellando unha nova cultura dos tempos», na cal se pretende potenciar un cambio cultural xeral no uso dos tempos e na racionalización horaria, coa implicación de distintos axentes sociais. Dentro desta área enmárcase no obxectivo específico 3.2 «Promover a implantación de medidas que faciliten a conciliación» e na medida 3.2.2 «Promover e apoiar programas e medidas que favorezan a conciliación no ámbito local, educativo, deportivo e outros».

Nesta actuación recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para desenvolver accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para establecer as condicións que possibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, polo que nesta materia se vén traballando coas entidades locais no marco da colaboración e coordinación, para avanzar na consecución do obxectivo común de acadar unha sociedade igualitaria e coas mesmas oportunidades para mulleres e homes. Pola súa vez, promóvese e impúlsase un marco de xestión compartida no ámbito da colaboración e cooperación entre conce-



llos para dotar dunha maior eficacia e eficiencia os servizos e as actuacións en materia de igualdade no ámbito territorial de Galicia.

Consonte o anterior, esta convocatoria ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local en Galicia, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades e de trato no territorio e a erradicación da violencia de xénero, e a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, así como para impulsar o funcionamento e a consolidación dos servizos de atención integral de información e asesoramento no territorio, co fin de prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopen nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Con este fin, recóllese un marco de axudas públicas para o financiamento de medidas e actuacións desenvolvidas polas entidades locais, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, ao abeiro de tres programas: a) Programa do Plan Corresponsables; b) Programa de prevención e tratamento da violencia de xénero; c) Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM).

Segundo dispón o Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Secretaría Xeral da Igualdade ten atribuídas, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero, incorporar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade, así como promover programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos, e establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As bases reguladoras e a convocatoria destas axudas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño), no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro), e no que resulte de apli-



cación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

O programa 1.b) de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A) está cofinanciado nun 60 % polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, polo que para este programa é de aplicación e dáse debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como ás normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; no Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013, e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027. Por este motivo, incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño.

O programa 1.a) do Plan Corresponsables está financiado con fondos finalistas do Estado procedentes do Ministerio de Igualdade no marco do Plan Corresponsables (liña de actuación 00524-Plan Corresponsables) e o programa 1.c) de apoio aos CIM está financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, e autorizado por acordo do Consello da Xunta o compromiso de gasto plurianual para o programa de apoio aos CIM e a concesión de anticipos de ata o 80 % da subvención concedida nos diferentes programas, no uso das atribucións que me foron conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar no ano 2023 as subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas



para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade establécense os seguintes programas:

- a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A).
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero, en diante, Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A).
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller, en diante, Programa de apoio aos CIM (SI427B).

2. Só se pode presentar ou participar nunha solicitude de subvención, ben sexa individual ou conxunta, respecto de cada un dos programas previstos no punto 1 anterior. Para o caso de concorrencia de solicitudes, individuais e conxuntas ou de xestión compartida, prevalecerá a solicitude de xestión compartida.

3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito por un importe total de nove millóns trescentos trinta e cinco mil cento cincuenta e oito euros con vinte e dous



céntimos (9.335.158,22 euros), distribuídos en tres programas e, nun deles, en dúas anualidades, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Programa-procedemento	Aplicación	Cód. proxecto	Importe 2023	Importe 2024	Total
Artigo 1.a)-SI436A	11.20.312G.460.1	2021 00175	4.492.273,79	0,00	4.492.273,79
Artigo 1.b)-SI435A	11.20.313B.460.0	2023 00095	500.000,00	0,00	500.000,00
Artigo 1.c)-SI427B	11.20.313B.460.0	2015 00144	2.742.884,43	1.600.000,00	4.342.884,43
Total			7.735.158,22	1.600.000,00	9.335.158,22

As axudas do programa 1.a) están financiadas con fondos finalistas do Estado do Plan Corresponsables; as axudas do programa 1.c) están financiadas con fondos propios libres da Comunidade Autónoma de Galicia e as axudas do programa 1.b) están cofinanciadas nun 60 % polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 no obxectivo político 4. Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 2: Inclusión social e loita contra a pobreza; obxectivo específico ES04.8-Fomentar a inclusión activa co obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os grupos desfavorecidos; medida 2.H.03-Programa de atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

2. O importe máximo inicial do crédito destinado aos programas e subvencións obxecto desta convocatoria poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos supostos e nas condicións previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda e, para o caso particular do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, logo de informe favorable da modificación orzamentaria que corresponda por parte do organismo intermedio do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente prevista a designación da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos). A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Compatibilidade con outras axudas e ingresos xerados*

1. As subvencións para as actuacións e actividades recollidas nos diferentes programas desta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública para a mesma actuación ou actividade.



2. Se a actividade ou actuación subvencionada xera ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable despois de aplicar o tipo fixo no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados, obtidos ou previstos na solicitude de axuda. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixesen constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

No caso do programa Plan Corresponsables, cando as entidades teñan establecido o pagamento dunha taxa, os ingresos obtidos das cotas para o acceso das familias con maiores ingresos económicos deberán reverter no propio Plan Corresponsables e recollerse na xustificación que se vaia presentar.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución os concellos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, as mancomunidades de concellos de Galicia e os consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as deputacións provinciais.

2. Para poder acceder ás subvencións deberán cumprirse os requisitos e as condicións establecidos nesta resolución e na normativa xeral de subvencións, comúns ou específicos de cada un dos programas de axuda ou derivados, se é o caso, da presentación dunha solicitude para a xestión compartida dun proxecto ou servizo.

3. Ademais do anterior, para poder ser beneficiaria das subvencións correspondentes ao programa de apoio aos CIM, a entidade local ten que ser titular dun centro de información á muller (CIM) acreditado segundo o establecido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Poderase presentar solicitude individual ou conxunta para a xestión compartida da prestación deste servizo, mediante a agrupación ou asociación das entidades locais titulares de CIM ou con outros concellos que non o teñan acreditado.



4. Para poder ser beneficiaria das subvencións correspondentes ao programa Plan Corresponsables (SI436A), a entidade local tamén debe cumprir co seguinte:

a) Non ser sancionadas, en virtude de resolución administrativa ou sentenza xudicial firme, pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de prevención de riscos laborais no ano anterior a esta resolución.

b) Non ser obxecto de sanción por resolución administrativa firme ou condenada por sentenza xudicial firme por levar a cabo prácticas laborais consideradas discriminatorias pola lexislación vixente, salvo cando se acredite cumprir coa sanción ou a pena imposta e elaborar un plan de igualdade ou adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes.

5. Por outra banda, para poder ser beneficiaria destas axudas, con anterioridade a que remate o prazo de presentación de solicitudes ou, de ser o caso, o de contestación ao requirimento realizado para o efecto, deberá ter cumprido o requisito de ter remitidas as contas do exercicio orzamentario 2021 ao Consello de Contas de Galicia; e, ademais, no caso dos CIM deberá ter presentado a memoria anual do CIM correspondente ao ano 2022 ante a Secretaría Xeral da Igualdade, segundo os termos e prazos establecidos no artigo 14 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro.

6. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria destas subvencións cando conorra algunha das circunstancias ou prohibicións sinaladas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Todos os requisitos e condicións exixidos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do previsto no punto 5 deste artigo.

Artigo 5. *Solicitudes de xestión compartida: requisitos e condicións*

1. Para estes efectos, terán a consideración de solicitudes de xestión compartida as presentadas por agrupacións, asociacións ou entidades locais que integren varios concellos.

2. As entidades locais que se agrupen ou asocien para o Programa de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, para o do Plan Corresponsables, así



como os titulares de CIM que se agrupen entre eles ou ben con outros concellos non titulares, deberán:

a) Presentar, xunto coa solicitude, un convenio de colaboración relativo á agrupación ou asociación, que poderá ser un novo convenio ou un anterior en vigor.

Se non achegan o convenio xunto coa solicitude ou no prazo concedido para a súa achega, logo do requirimento efectuado para o efecto, considerarase que desisten da súa solicitude. Non obstante, para o caso de que se trate dunha solicitude do programa de apoio aos CIM, poderase tramitar como solicitude individual do CIM sempre que o manifieste expresamente e por escrito no dito prazo.

b) Nomear a persoa titular dunha das alcaldías para a representación única, tanto na coordinación como na interlocución, ante a Secretaría Xeral da Igualdade, que será a que reciba e xustifique a subvención. No caso dos agrupamentos para a prestación do servizo CIM, a representación corresponderá á persoa titular da alcaldía dun concello que teña acreditado o CIM.

c) Reflectir os compromisos de execución asumidos por cada unha das entidades que forman parte da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se aplicará a cada unha delas.

d) Os concellos agrupados ou asociados terán, en todo caso, a condición de entidade beneficiaria, polo que para poder conceder a subvención solicitada todos eles teñen que cumprir os requisitos, as condicións, as obrigas e os compromisos establecidos nesta resolución, nos termos establecidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A falta de acreditación do cumprimento dalgún requisito por parte dalgunha das entidades participantes suporá a inadmisión da solicitude conxunta cando afecte a entidade que ten a representación; nos outros casos, manterase a validez da solicitude sempre que se comunique por escrito a exclusión do concello afectado polo incumprimento, dentro do prazo concedido para o efecto.

3. As mancomunidades de concellos e os consorcios locais deberán presentar, xunto coa solicitude, unha certificación expedida pola súa secretaría onde se faga constar os concellos membros da mancomunidade ou consorcio e os que participan no proxecto ou servizo para o cal se solicita subvención.



4. Procederá a exclusión ou inadmisión daquelas solicitudes de xestión compartida nas cales non se acredite a realización conxunta da actuación ou servizo para a cal se solicita subvención e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local.

Sen prexuízo do anterior, considerarase que cumpren o requisito de xestión compartida os agrupamentos para a prestación do servizo de CIM. No Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, así coma no de Plan Corresponsables, mesmo de se realizaren actuacións independentes en cada concello, considerarase cumprido este requisito cando na memoria xustificativa se acrediten os beneficios da solicitude conxunta, tales como licitacións conxuntas, razóns de economía de escala, racionalización do gasto, criterios de eficiencia e eficacia e colaboración técnica e administrativa, entre outros.

Nos supostos de mancomunidades e consorcios, deberá acreditarse que a actuación e/ou servizo se presta de xeito mancomunado ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

Artigo 6. Programa Plan Corresponsables no ámbito local: accións subvencionables e contía da axuda

1. No programa Plan Corresponsables considéranse subvencionables as actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos menores de ata 16 anos de idade mediante a creación de bolsas de coidado profesional, a través da creación de emprego de calidade no sector dos coidados, e plans de formación e sensibilización en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias.

As actuacións destinaranse ao coidado de menores en familias con fillas e fillos de ata 16 anos inclusive e con carácter prioritario á atención de familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

Nos procesos de valoración de acceso aos servizos postos en marcha con cargo aos fondos recibidos deberán considerarse como criterios de valoración o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que soliciten a participación neles.



2. Ao abeiro deste programa, serán subvencionables as seguintes tipoloxías de proxectos, desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes:

2.1. Bolsas de coidado profesional de menores en familias con fillas e fillos de ata 16 anos de idade, coa posibilidade de desenvolver unha ou máis das seguintes modalidades:

a) Habilitación de servizos de coidado profesional de calidade, e con garantía de dereitos laborais dos/das profesionais que presten os seus servizos neste marco, de nenas, nenos, mozos e mozas de ata 16 anos de idade que poidan prestarse no domicilio por un número determinado de horas semanais.

b) Habilitación de servizos de coidado profesional de calidade, e con garantía de dereitos laborais dos/das profesionais que presten os seus servizos neste marco, de nenas, nenos, mozos e mozas de ata 16 anos de idade, que poidan prestarse en dependencias públicas convenientemente habilitadas para o efecto, tales como escolas, centros municipais, multiúsos, polideportivos, ludotecas, entre outros, cumprindo coas garantías sanitarias, así como coa normativa que lle sexa de aplicación.

2.2. Plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes: implementación de plans e actuacións de formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias, para promover a perspectiva de xénero e fomentar a corresponsabilidade no ámbito de coidados.

3. Para seren subvencionables, as actuacións teñen que ser de nova creación ou de ampliación e mellora das existentes. Queda excluído o financiamento de gastos que se materialicen en prestacións económicas directas a persoas e/ou familias.

4. No caso das actuacións recollidas nas alíneas a) e b) do punto 2.1 anterior (bolsas de coidado profesional de menores en familias con fillas e fillos de ata 16 anos de idade), deberán supoñer en todo caso a creación de emprego de calidade e/ou o fomento do emprego de persoas mozas con perfís profesionais correspondentes a: TASOC (técnica/o en Actividades Socioculturais), monitoras/es de lecer e tempo libre, TAFAD (técnicas/os superiores de Animación Sociodeportiva), Educación Infantil, auxiliares de Gardarúa e Xardín de Infancia. E as súas titulacións equivalentes: técnica/o superior en Educación Infantil, técnica/o superior en Animación Sociocultural e Turística, técnica/o superior en Ensino e Animación Sociodeportiva, técnica/o superior en Integración Social, monitoras/es de lecer e tempo libre e auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia.



5. A contía da subvención que se concederá determinarase en función do número de persoas que se vaian contratar para desenvolver as bolsas de coidado e/ou os plans de formación recollidos no punto 2 anterior, tendo en conta os límites máximos da subvención establecidos nos puntos 8 e 9 deste artigo.

6. Serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2022 e ata o 30 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos. Non obstante, para as entidades locais que foron beneficiarias das axudas do Plan Corresponsables no ano 2022 ao abeiro da Resolución do 14 de xullo de 2022 (DOG núm. 142, do 27 de xullo), polo procedemento SI436A, serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de xaneiro de 2023 e ata o 30 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

7. Para determinar o gasto subvencionable e o importe da subvención, teranse en conta os custos directos de persoal dos/das profesionais que leven a cabo as medidas do Plan Corresponsables, máis un 10 % para o financiamento doutros custos directos e indirectos vinculados ao desenvolvemento do programa subvencionado. Estes gastos non requirirán unha xustificación adicional.

8. Contía de ata 34.700,00 euros por persoa contratada a tempo completo para un período de 12 meses, incluídas as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora. O importe da subvención por cada contratación reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial ou por un período inferior a 12 meses.

A contía da axuda por persoa contratada incrementarase en 3.000,00 euros cando a persoa contratada estea nun dos seguintes colectivos, non acumulables:

- Mulleres maiores de 45 anos.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas con grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Para o caso de mulleres contratadas vítimas de violencia de xénero, a acreditación documental da súa circunstancia recollerase na fase de xustificación das axudas, coa documentación acreditativa desta situación segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.



Para o caso de persoas contratadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, a acreditación documental da súa circunstancia recollerase na fase de xustificación das axudas, coa certificación acreditativa desta situación no caso de que esta non fose emitida pola Xunta de Galicia.

9. En todo caso, a contía máxima da axuda será de 150.000,00 euros, cando se trate dunha solicitude individual, e de 225.000,00 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante de fusión de concellos.

10. Se é o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do custo de persoal. En todo caso, non se xerará dereito ao cobramento da subvención, e procederá o reintegro do anticipo, cando as xustificacións non acaden, como mínimo, o 25 % do custo do persoal.

Artigo 7. Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero: accións subvencionables e contía da axuda

1. Ao abeiro deste programa son subvencionables accións directas de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero, que poderán consistir nalgunha das seguintes medidas:

1.a) Actuacións de promoción da igualdade, prevención da violencia de xénero e tratamento das vítimas, que incorporen na súa metodoloxía un enfoque de xénero, orientadas a previr a violencia de xénero e a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das súas fillas e fillos, así como das persoas delas dependentes, e dirixidas a impulsar unha atención profesional de maior calidade. As actuacións subvencionables poden ser: accións de empoderamento, autoestima, accións de atención, orientación e acompañamento para a mellora da situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado, de atención directa a menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, todas elas na procura da recuperación da súa identidade e autonomía e da restauración dos seus proxectos vitais, e de apoio na súa orientación persoal, social e laboral. Así mesmo, consideraranse elixibles as actuacións de fomento do respecto das persoas pertencentes ao colectivo LGBTIQ para acadar os mesmos dereitos e lograr a integración plena na sociedade.

As medidas estarán dirixidas específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tanto ás mulleres vítimas de violencia de xénero segundo o indicado no parágrafo anterior, ás mulleres que, polas súas circunstancias persoais ou polo seu contorno



familiar ou social, requiran ou aconsellen este tipo de intervención como medida preventiva, así como a mulleres en situación de vulnerabilidade desde unha abordaxe interseccional.

Para o Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), terán a consideración de mulleres en situación de vulnerabilidade aquelas en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Vítimas de violencia de xénero ou de violencia doméstica.
- Vítimas de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- Inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas.
- Pertencentes a unha minoría étnica.
- Dependentes do consumo de substancias tóxicas ou en procesos de rehabilitación.
- Perceptoras de rendas de integración, subsidios ou prestacións similares.
- Reclusas ou ex reclusas.
- Procedentes de institucións de protección ou reeducación de menores.
- Transexuais ou con conflitos de identidade de sexo.
- Con diversidade funcional ou enfermidade mental.
- Con responsabilidades familiares non compartidas.
- Procedentes de núcleos familiares con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.
- Embarazadas ou lactantes sen apoio familiar ou sen recursos.
- Sen fogar ou que habitan nunha infravivenda, ou afectadas por un proceso de desafiuzamento.
- Sen titulación ou con baixa cualificación.
- Calquera outra situación non prevista expresamente que implique factores de risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral, sempre que sexa ponderada e aceptada polos servizos sociais da entidade local.



1.b) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual, en xeral, e a prostitución, en particular, encamiñadas a mellorar a situación persoal, social e laboral das mulleres que se atopan nesa situación, a través de accións de información, atención, orientación e para a mellora da súa situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado.

2. O número de persoas participantes nas actuacións deste programa non poderá ser inferior a oito (8).

3. Cada entidade local, individual ou agrupada, só poderá presentar solicitude de subvención para unha das medidas previstas no punto 1 anterior.

4. Serán gastos subvencionables os derivados da realización das medidas de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero referidos a custos directos de persoal, outros custos directos e custos indirectos, nos termos establecidos no artigo 9.2 desta resolución.

Só serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2022 e ata o 30 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

O importe máximo dos custos directos de persoal que se pode presentar para optar a esta axuda é de 30.000,00 euros; para o caso de que sexa superior, o órgano instrutor requirirá a entidade solicitante para que o reaxuste.

5. O cálculo do gasto subvencionable determinarase segundo o método de custos simplificados de financiamento a tipo fixo, en función do importe dos custos directos de persoal subvencionables máis o 10 % dos ditos custos para o financiamento doutros gastos directos e indirectos vinculados á medida subvencionada.

En todo caso, a contía máxima da axuda será de 15.000,00 euros, cando se trate dunha de solicitude individual, e de 28.000,00 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante de fusión de concellos.

O importe da subvención calcularase aplicando ao gasto subvencionable a porcentaxe que resulte da puntuación obtida na valoración realizada segundo o establecido no artigo 16 desta resolución, co límite da contía máxima da axuda que corresponda ou, de ser inferior, da contía solicitada.



6. Se é o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do custo de persoal.

En todo caso, non se xerará dereito ao cobramento da subvención, e procederá o reintegro do anticipo, cando as xustificacións non acaden como mínimo o 40 % do custo do persoal ou cando non se teña acadado o número mínimo de persoas participantes segundo o establecido no punto 2 deste artigo.

Artigo 8. Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM): accións subvencionables e contía da axuda

1. Accións subvencionables:

1.1. A existencia no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, en concreto para os postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

Cando as prazas ou os postos antes referidos non se atopen ocupados con carácter definitivo por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido, a entidade deberá presentar xustificación razoada da motivación que lle impide tal cobertura. Con carácter xeral, só se admitirá como xustificación a cobertura por persoal funcionario interino, baixas por enfermidade ou similares, as que deriven da aplicación da lexislación vixente, ou por estar en curso o proceso de oposición ou concurso correspondente.

1.2. A contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, sempre que a entidade local non conte con persoal que preste servizos no CIM para realizar as correspondentes funcións.

2. Cada entidade local deberá solicitar axuda para os diferentes postos do CIM nunha única solicitude. En primeiro lugar, atenderase ao financiamento dos postos necesarios para o normal funcionamento do CIM, segundo o disposto no artigo 10 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, e o crédito restante destinarase ao financiamento dos postos de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.



3. Serán gastos subvencionables os custos directos de persoal que desenvolva funcións no CIM nos termos establecidos no artigo 9.3 e segundo resulta do previsto neste artigo. Serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de abril de 2023 e o 31 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

As entidades beneficiarias deberán identificar e xustificar de maneira independente os gastos directos de persoal que se imputarán en cada exercicio. Os gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de abril de 2023 e o 30 de novembro de 2023 imputaranse ao exercicio 2023, e os gastos correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2023 e o 31 de marzo de 2024, ao exercicio 2024.

4. Tipos de axuda.

4.1. Subvención aos postos de traballo ocupados por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido vinculados ao CIM nos termos establecidos no Decreto 130/2016:

a) Postos de dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica. Cando a dedicación ao CIM sexa a tempo completo, a contía máxima da axuda será de ata 30.000,00 euros e cando sexa a tempo parcial será de ata 18.000,00 euros. En todo caso, a xornada da dirección do CIM terá que realizarse nos termos establecidos na alínea a) do artigo 10.1 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro.

b) Postos de traballo de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. Cando a dedicación ao CIM sexa a tempo completo, a contía máxima da axuda será de ata 25.000,00 euros e cando sexa a tempo parcial será de ata 15.000,00 euros.

4.2. Subvención aos postos ocupados por persoal laboral temporal e contratación mercantil vinculados ao CIM nos termos establecidos no Decreto 130/2016:

a) Postos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica. A contía máxima da axuda será de ata 14.000,00 euros por especialidade.

b) Postos de traballo de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. A contía máxima da axuda será de ata 12.000,00 euros.

5. A contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM é de 45.000,00 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e



de 120.000,00 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

6. O importe da subvención calcularase aplicando ao orzamento elixible presentado a porcentaxe que resulte da puntuación obtida segundo o establecido no artigo 16 desta resolución, cos límites de axuda máxima que correspondan segundo o indicado no punto 4 anterior ou, de ser inferior, da contía solicitada.

7. Procederá a minoración proporcional do importe da subvención concedida cando o orzamento elixible executado e xustificado, en cada un dos períodos previstos no punto 3 deste artigo, teña un custo inferior ao inicialmente previsto tido en conta para o cálculo da contía concedida en cada un deles.

Artigo 9. *Gastos subvencionables*

1. Programa Plan Corresponsables (SI436A). Serán gastos subvencionables os derivados do programa obxecto da axuda, realizados nos prazos e períodos de referencia e que respondan a algunha das seguintes categorías e conceptos:

1.1. Gastos directos de persoal: serán subvencionables en concepto de custos directos de persoal as retribucións salariais brutas totais do persoal contratado para o desenvolvemento das bolsas de coidados ou dos plans de formación, correspondentes ao tempo efectivo dedicado á execución da actuación ou medida subvencionada, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora.

No caso de contratación mercantil ou externa, serán subvencionables os custos de persoal que formen parte da prestación do servizo externo, sempre que o persoal e o custo pola súa contratación estean claramente identificados e detallados na factura.

Serán requisitos obrigatorios dos gastos de persoal para desenvolver as bolsas de coidados de menores en familias con fillos e fillas de ata 16 anos, ademais dos perfís profesionais incluídos no artigo 6.4, os seguintes:

a) En todo caso, os contratos de traballo subscritos no marco deste programa –tamén aqueles nos cales se amplíe ou mellore a xornada– deberán incluír a cláusula seguinte: «Este contrato será obxecto de financiamento a través do Plan Corresponsables».



b) As persoas que se vaian contratar deben dispoñer do correspondente certificado de inexistencia de antecedentes por delitos de natureza sexual, así como do certificado negativo de antecedentes penais relacionados con delitos contra a infancia.

c) A selección do persoal para as bolsas de coidados deberá axustarse ao procedemento establecido na lexislación de réxime local, na concordante de emprego público e na normativa laboral, que garantan o principio de igualdade, mérito e capacidade.

d) As mulleres que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero terán preferencia se teñen o perfil profesional do posto de traballo que hai que cubrir, conforme a oferta de emprego presentada pola entidade beneficiaria.

Cada entidade deberá reservar un mínimo do 15 % da contía asignada para a contratación deste colectivo, salvo que non exista un número suficiente de mulleres para alcanzar a citada porcentaxe.

e) En ningún caso poderán introducirse na selección das persoas para contratar criterios que poidan impedir a libre circulación de persoas traballadoras, tales como o empadramento nunha determinada entidade local. En todo caso, o procedemento de selección deberá garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, en relación coas persoas participantes que cumpran os requisitos de acceso.

1.2. Outros gastos directos: serán subvencionables en concepto de custos directos a elaboración de materiais, a adquisición de materiais didácticos ou outros materiais necesarios para a realización da actividade, os gastos de seguros destinados a cubriren contingencias de risco derivadas da actuación subvencionada, os gastos de transporte por desprazamentos das persoas participantes en actividades programadas; axudas de custo e gastos de locomoción do persoal que desenvolve a actividade necesarios para a súa realización.

1.3. Gastos indirectos: tamén serán subvencionables, en concepto de custos indirectos, os gastos correntes que non se corresponden en exclusiva á operación subvencionada por teren carácter estrutural e que resulten necesarios para o seu desenvolvemento: gastos en bens consumibles e en material funxible, gastos de alugamento e de mantemento de instalacións (luz, auga, calefacción, teléfono, limpeza e seguridade, etc.).



2. Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A). Serán gastos subvencionables os derivados do programa obxecto da axuda, realizados nos prazos e períodos de referencia e que respondan a algunha das seguintes categorías e conceptos:

2.1. Gastos directos: terán esta consideración aqueles custos que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e que, polo tanto, se refiran de forma inequívoca e identificable a ela, en particular, os seguintes:

a) Gastos directos de persoal: serán subvencionables en concepto de custos directos de persoal as retribucións salariais brutas totais do persoal propio da entidade, incluído o salario base, complementos, pagas extraordinarias, cotizacións sociais a cargo da persoa traballadora e Seguridade Social a cargo da empresa; nos termos recollidos no artigo 16.4 do Regulamento (UE) 2021/1057 e segundo o que se dispoña nas normas de subvencionabilidade dos gastos financiados polo FSE+ que sexan ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.

No caso de contratación mercantil ou externa serán subvencionables os custos de persoal que formen parte da prestación do servizo externo, sempre que o persoal e o custo pola súa contratación estean claramente identificados e detallados na factura.

Non serán subvencionables os gastos de persoal que non fose contratado especificamente para o desenvolvemento da medida ou actuación subvencionada, nin os gastos de persoal pertencente aos CIM de calquera das entidades locais de Galicia.

Excepcionalmente, en atención ás circunstancias concorrentes debidamente xustificadas pola entidade solicitante, sempre que se trate de actuacións con permanencia no tempo que supoñan funcións de intervención directa e exista persoal cualificado non pertencente ao CIM que xa as viñese realizando con anterioridade, poderán ser subvencionables os custos de persoal correspondentes á porcentaxe de horas imputadas ás ditas funcións. Neste caso, deberá achegarse unha resolución expresa, asinada polo/a representante legal da entidade local, acreditativa da adscrición do persoal ao programa, coa porcentaxe de xornada destinada ao programa, medida ou actuación subvencionada e o período polo que se adscribe (segundo o modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade).

Non obstante o anterior, non serán subvencionables os custos do persoal que ocupe postos de traballo ou que pertenza a servizos financiados, total ou parcialmente, con fon-



dos procedentes de plans ou programas de calquera Administración pública, en particular, do programa de servizos sociais comunitarios.

b) Outros gastos directos: serán subvencionables en concepto de custos directos a elaboración de materiais, a adquisición de materiais didácticos ou outros materiais necesarios para a realización da actividade, os gastos de seguros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actuación subvencionada, os gastos de transporte por desprazamentos das persoas participantes en actividades programadas; axudas de custo e gastos de locomoción do persoal que desenvolve a actividade necesarios para a súa realización.

2.2. Gastos indirectos: serán subvencionables en concepto de custos indirectos os gastos correntes que non se corresponden en exclusiva á operación subvencionada por ter carácter estrutural e que resulten necesarios para o seu desenvolvemento: gastos en bens consumibles e en material funxible, gastos de alugamento e de mantemento de instalacións (luz, auga, calefacción, teléfono, limpeza e seguridade).

2.3. En todo caso, as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste programa deberán cumprir as normas establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; e no Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1296/2013, e as normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.

3. Programa de apoio aos CIM (SI427B). Serán subvencionables os custos directos de persoal do persoal que desenvolva funcións no CIM, segundo resulta do previsto no artigo 8 desta resolución. Serán subvencionables en concepto de custos directos de persoal as retribucións salariais brutas totais do persoal propio da entidade, correspondentes ao tempo efectivo dedicado á execución da actuación ou medida subvencionada, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora.

No caso de contratación mercantil ou externa, serán subvencionables os custos de persoal que formen parte da prestación do servizo externo.



4. Para os efectos destas axudas, non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de recuperación ou compensación.

5. Non está permitida a subcontratación dos gastos subvencionables. Non obstante o anterior, non se considerarán gastos subcontratados aqueles en que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación ou programa subvencionado, tales como contratación de persoal, alugueiro de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministración relacionados con eles, sempre que non sexan achegados pola mesma persoa física ou xurídica.

6. De acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías do contrato menor establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 10. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.



Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude (anexo I.1, I.2 ou I.3, segundo o programa), a documentación común e a específica de cada programa que se relaciona a seguir:

a) Anexo II: certificación do órgano competente da entidade en que se faga constar, entre outros, o acordo de solicitar a subvención ao abeiro do correspondente programa e do compromiso do financiamento do custo da actuación ou medida obxecto de axuda naquela parte que exceda o importe da subvención para a súa completa realización. No caso de mancomunidades ou consorcios, deberán cubrir o último punto do anexo para facer constar a relación de concellos que a integran e os que participan na actuación ou medida para a cal se solicita a subvención.

b) Anexo II-bis (só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos): certificación do órgano competente do concello representante, en que se faga constar, con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos asociados, as cuestións que se recollen no dito anexo en relación cos requisitos e condicións previstos no artigo 5 desta resolución.

c) Anexo III (só para o Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero-SI435A): memoria descritiva da medida que se propón e das actuacións que se vaian realizar para desenvolvela, con indicación da duración e das datas de comezo e finalización estimadas, do importe dos custos directos de persoal, número estimado de persoas participantes, obxectivos e resultados esperados coa medida e actuacións para as cales se solicita subvención, así como a tipoloxía dos gastos directos que se van imputar á subvención acordes co establecido no artigo 9.2, debidamente asinada pola persoa que exerza a representación da entidade solicitante.

d) Anexo IV (só para o Programa Plan Corresponsables-SI436A): memoria descritiva da medida que se propón e das actuacións que se vaian realizar para desenvolvela, con indicación da duración, das datas de comezo e finalización estimadas, do importe dos custos directos de persoal, número estimado de familias e nenos, nenas, mozos e mozas de ata 16 anos que se estima que participen nas bolsas de coidados.



Especificarase o lugar en que se vai realizar cada unha das actividades descritas que se prevén desenvolver de bolsas de cuidados, concretando se van ser nos domicilios das familias con fillos e fillas de ata 16 anos ou en dependencias habilitadas para o efecto de carácter público ou de uso público.

Así mesmo, incluírase unha relación detallada do persoal que se vai contratar para o desenvolvemento das bolsas de cuidados, que terá que pertencer a algún dos perfís profesionais exixidos no artigo 6, co detalle do perfil/titulación de cada unha, o tipo de contrato, o número de horas, meses e contía das súas retribucións para cada unha das persoas profesionais que se pretendan contratar, acordos co establecido no artigo 6.4, debidamente asinada pola persoa que exerza a representación da entidade solicitante.

e) Anexo V.1 e V.2 (só para o Programa de apoio aos CIM-SI427B): memoria descritiva (V.1) do funcionamento do CIM, do persoal adscrito ao CIM, gasto subvencionable dos custos directos de persoal para o cal se solicita a axuda e actividades levadas a cabo desde o CIM, debidamente asinada pola persoa que exerza a representación da entidade solicitante, así como as fichas individualizadas do persoal que presta ou que vaia prestar servizos no CIM (V.2), que se numerarán correlativamente e se anexarán á memoria como parte integrante dela.

f) Copia do convenio de colaboración (só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos).

g) Memoria de aforro de custos respecto da realización do programa ou actividade de forma individualizada (só no caso de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades ou consorcios).

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderase solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.



3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

Artigo 14. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá a persoa solicitante para que, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda faranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

Artigo 15. *Instrución do procedemento e Comisión de Valoración*

1. A instrución dos procedementos previstos nesta resolución correspóndelle á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á Comisión de Valoración.



2. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as solicitudes serán examinadas por unha Comisión de Valoración, coa seguinte composición:

– Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en que delegue.

– Secretaría: exercerá a secretaría da Comisión unha das persoas que actúan como vogais da Comisión.

– Vogalías: a persoa titular do Servizo de Fomento e Promoción da Igualdade; do Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación; do Servizo de Prevención e Atención ás Vítimas; do Servizo de Apoio Técnico-Administrativo e unha persoa da Dirección Xeral de Administración Local, con rango de subdirector/a ou, de ser o caso, de xefe/a de servizo.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Comisión de Valoración, será substituída pola persoa designada pola presidencia da Comisión.

3. A Comisión de Valoración poderá requirir ás entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

4. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios e pautas establecidos no artigo 16, a Comisión de Valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instructor formulará proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada, propoñendo a concesión de subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible segundo o establecido no artigo 2 desta convocatoria, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedará en reserva para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, o órgano instructor poderá formular sucesivas propostas de resolución complementarias seguindo a orde de puntuación obtida.



Artigo 16. Criterios de valoración

A Comisión valorará os expedientes consonte os seguintes criterios:

1. Criterios comúns aos tres programas:

1.1. Solicitudes presentadas por agrupacións de concellos, mancomunidades ou consorcios ou cando se trate de fusión de municipios, ata 40 puntos, de acordo co seguinte:

1.1.a) Agrupacións de concellos, mancomunidades ou consorcios, teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Pola mera presentación da solicitude para a xestión compartida: 15 puntos.

b) Polo número de concellos asociados e a repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total, segundo as cifras de poboación en 1 de xaneiro de 2022, fonte IGE: ata 15 puntos. De acordo co seguinte:

b.1) Polo número de concellos participantes: 2 concellos, 3 puntos; 3 concellos, 4 puntos; 4 concellos, 5 puntos; 5 concellos, 6 puntos; máis de 5 concellos, 7 puntos.

b.2) Pola poboación total: ata 5.000 habitantes, 1 punto; de 5.001 a 10.000 habitantes, 3 puntos; de 10.001 a 15.000 habitantes, 5 puntos; de 15.001 a 20.000 habitantes, 7 puntos; máis de 20.000 habitantes, 8 puntos.

c) Pola presentación dunha memoria de aforro de custos respecto da prestación do servizo de modo individual: 10 puntos.

1.1.b) Fusión municipal:

a) Pola mera presentación da solicitude: 30 puntos.

b) Polo número de concellos fusionados e a repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total, segundo as cifras de poboación en 1 de xaneiro de 2022, fonte IGE: ata 10 puntos. De acordo co seguinte:

b.1) Polo número de concellos participantes: 2 concellos, 3 puntos; 3 concellos, 4 puntos; máis de 4 concellos, 5 puntos.



b.2) Pola poboación total: ata 5.000 habitantes, 1 punto; de 5.001 a 10.000 habitantes, 2 puntos; de 10.001 a 15.000 habitantes, 3 puntos; de 15.001 a 20.000 habitantes, 4 puntos; máis de 20.000 habitantes, 5 puntos.

1.2. Distribución poboacional da entidade local solicitante. No caso de agrupación de concellos, terase en conta a poboación do concello representante ou titular do CIM e, no caso de mancomunidades, terase en conta a media da poboación de todos os concellos que a integran, segundo as cifras oficiais de poboación en 1 de xaneiro de 2022, fonte IGE: ata 16 puntos. De acordo co seguinte: ata 5.000 habitantes, 16 puntos; de 5.001 ata 10.000 habitantes, 12 puntos; de 10.001 a 20.000 habitantes, 8 puntos, e máis de 20.000 habitantes, 4 puntos.

1.3. Colaboración coas actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade, así como, no caso do Programa de apoio aos CIM, pola coordinación e traballo en rede a través da aplicación informática CIM desenvolvida pola dita secretaría: 2 puntos.

1.4. Polo compromiso da entidade pola igualdade entre homes e mulleres: ata 2 puntos. De acordo co seguinte: a) estar adherido á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, 1 punto; b) ter constituída unha concellaría para a promoción da igualdade, 1 punto.

1.5. Criterio común para os programas de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A) e de apoio aos CIM (SI427B): polo alcance da xustificación da axuda concedida para o mesmo programa para o que se solicita a subvención deste ano ao abeiro da convocatoria de axudas ás entidades locais do ano 2021 (DOG núm. 49, do 12 de marzo de 2021), valorarase ata 10 puntos de acordo coa seguinte modulación: se a xustificación acadou unha porcentaxe de entre o 80 % e o 85 %, 4 puntos; máis do 85 % e ata o 95 % incluído, 6 puntos, e máis do 95 %, 10 puntos.

2. Criterios específicos para o Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero:

2.1. Pola incorporación de módulos ou actividades específicas sobre a sensibilización en igualdade e/ou a incorporación da perspectiva de xénero con carácter transversal, ata 15 puntos segundo os seguintes criterios:

2.1.a) Módulos específicos de promoción da igualdade, estereotipos de xénero, prevención da violencia de xénero, sensibilización en igualdade, e respecto á diversidade e



colectivos LGBTIQ, ata un máximo de 10 puntos: ata 5 horas de duración, 4 puntos; máis de 5 horas e ata 10 horas, 6 puntos; máis de 10 horas, 10 puntos.

2.1.b) Incorporación da perspectiva de xénero de xeito transversal empregando lingua-xe inclusiva en todos os materiais das actividades, difusión e publicidade: 5 puntos.

2.2. Pola duración ou continuidade da medida e as actuacións que se van desenvolver ao longo do período subvencionable, ata un máximo de 15 puntos: 1,5 puntos por cada mensuralidade en que se desenvolva a actuación ou actividade, ata un máximo de 15 puntos.

3. Criterios específicos para o programa Plan Corresponsables:

3.1. Bolsas de coidado profesional de menores en familias con fillas e fillos de ata 16 anos de idade:

3.1.a) Polo número de horas de posta á disposición e prestación das bolsas de coidados por día: ata 4 horas diarias, 5 puntos; máis de 4 horas e ata 6 horas ao día, 10 puntos; máis de 6 horas ao día, 15 puntos.

3.1.b) Pola duración e continuidade das actuacións que se van desenvolver, ata 15 puntos: ata dous meses, 3 puntos, máis de dous meses e ata catro meses, 6 puntos; máis de catro meses e ata sete meses, 10 puntos; máis de 8 meses, 15 puntos.

3.1.c) Pola posta á disposición e prestación de bolsas de coidados en días festivos e/ou fins de semana: 10 puntos.

3.2. Plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade destinados aos homes:

3.2.a) Polo número de actividades ou número de edicións da mesma actividade que se van desenvolver, ata 30 puntos: 1 actividade, 5 puntos; 2 actividades, 10 puntos; 3 actividades, 15 puntos; 4 actividades, 20 puntos; 5 actividades, 25 puntos; máis de 5 actividades, 30 puntos.

3.2.b) Se se posibilita a formación en liña: 5 puntos.

3.2.c) Adecuación das actividades propostas aos obxectivos do Plan Corresponsables: 5 puntos.



3.3. No suposto de que unha entidade local solicite a subvención para levar a cabo ambas as dúas tipoloxías de proxectos (bolsas de coidado e plans de sensibilización/formación), a puntuación máxima que pode acadar na valoración dos criterios específicos do Plan Corresponsables establecidos nos puntos 3.1 e 3.2 anteriores non poderá exceder os 40 puntos. Para estes efectos, a puntuación establecida para cada un dos criterios relacionados nos puntos 3.1.a), 3.1.b), 3.1.c), 3.2.a), 3.2.b) e 3.2.c) reducirase á metade.

4. Criterios específicos para o Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM):

4.1. Pola amplitude horaria na prestación dos servizos básicos ata 20 puntos, segundo o seguinte:

4.1.a) Atención xurídica prestada en horario superior a 10 horas/semana: puntuarase con 0,30 puntos por cada hora de atención superior ao mínimo semanal, ata un máximo de 10 puntos.

4.1.b) Atención psicolóxica prestada en horario superior a 10 horas/semana: puntuarase con 0,30 puntos por cada hora de atención superior ao mínimo semanal, ata un máximo de 10 puntos.

4.2. Grao de cofinanciamento das actuacións con fondos propios: ata 10 puntos, de acordo co seguinte:

- Máis do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos.
- Máis do 20 % e ata o 30 %: 4 puntos.
- Máis do 30 % e ata o 40 %: 6 puntos.
- Máis do 40 % e ata o 50 %: 8 puntos.
- Máis do 50 %: 10 puntos.

5. No suposto de que máis dunha proposta obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, para o desempate terá preferencia, en primeiro lugar, a solicitude de xestión compartida fronte á presentada indi-



vidualmente; en segundo lugar, a puntuación obtida en cada criterio de valoración seguindo a orde establecida neste artigo, ata que se produza o desempate; e, de persistir este, resolverase tendo en conta a hora e a data de presentación da solicitude.

6. Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención calcularase aplicando ao gasto subvencionable a porcentaxe de axuda que corresponda á puntuación obtida na valoración realizada segundo os criterios establecidos neste artigo, e segundo os seguintes tramos:

- Máis de 75 e ata 100 puntos: 100 % do gasto subvencionable.
- Máis de 55 e ata 75 puntos: 95 % do gasto subvencionable.
- Máis de 40 e ata 55 puntos: 90 % do gasto subvencionable.
- Máis de 20 e ata 40 puntos: 80 % do gasto subvencionable.
- Ata 20 puntos: 70 % do gasto subvencionable.

No caso de quedar crédito libre despois de adxudicar a contía que corresponda a cada unha das entidades que resulten beneficiarias da subvención no correspondente programa, sempre que non exista lista de espera, este repartirase entre elas a partes iguais de xeito que se manteña a proporcionalidade derivada da aplicación dos criterios de valoración, co límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada.

Artigo 17. *Resolución e notificación*

1. De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por proposta do órgano instructor e logo da fiscalización por parte da Intervención Delegada, a resolución destas axudas correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade.

2. O prazo para resolver e notificar será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificaranse a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas, con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

No caso particular do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, deberá notificarse a cada entidade beneficiaria un documento en que se establezan as condicións da axuda. Así, na resolución de outorgamento da subvención constará a información sobre o cofinanciamento polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e correspondente porcentaxe, con indicación do obxectivo político, prioridade, obxectivo específico e medida. Así mesmo, figurará a identificación da entidade beneficiaria, a contía da subvención e obrigas que lle correspondan, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deben entregarse ou prestarse, o plan de financiamento, o prazo de execución e, se procede, o método que se aplicará para determinar os custos da operación e as condicións de pagamento da axuda, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA). Tamén se lle informará á entidade beneficiaria, cando proceda, de que a aceptación da subvención podería implicar a súa aparición na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación e comprometerse a executar o programa, medida ou actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicalo no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

5. As notificacións de resolucións e actos administrativos distintas ás previstas no número 3 deste artigo e no artigo 14 desta resolución practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a dis-



posición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

7. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

8. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

9. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Réxime de recursos*

1. A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no mesmo diario oficial.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.



Artigo 19. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O órgano competente para a concesión destas axudas, nos supostos que proceda, poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria e coa debida antelación. Estas bases habilitan para aprobar as modificacións nos supostos en que proceda, atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa aplicable.

Artigo 20. *Solicitud de pagamento, prazo e xustificación da subvención*

1. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da realización do programa subvencionado que se relaciona no número 3 deste artigo, e dentro do prazo establecido para cada un dos programas, segundo o seguinte:

1.1. Programa Plan Corresponsables e Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero: o prazo para a presentación da xustificación da medida subvencionada ao abeiro destes programas finaliza o 11 de outubro de 2023 (procedementos SI436A e SI435A).

1.2. Programa de apoio aos CIM: o prazo para a presentación da documentación xustificativa da actuación subvencionada finaliza o 18 de abril de 2024 (procedemento SI427B).

De acordo co sinalado no artigo 12 desta resolución, a documentación xustificativa deberá presentarse electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. As actuacións correspondentes ao Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A) xustificaranse a través das modalidades de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.d) e 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, segundo os custos directos de persoal subvencionables, aos que se engade un tipo fixo do 10 % para financiar o resto de custos subvencionables da actuación.



A xustificación para o programa Plan Corresponsables (SI436A) realizarase a custo real mediante a presentación das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente acreditativos dos gastos de persoal correspondentes ás actuacións subvencionadas.

A xustificación para o programa de apoio aos CIM (SI427B) realizarase consonte o disposto nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3. Deberase presentar dentro do prazo sinalado no número 1.1 e 1.2 deste artigo, segundo o caso, a seguinte documentación xustificativa, común e específica para cada programa:

3.1. Documentación común aos tres programas:

3.1.a) Anexo VI: solicitude de pagamento da axuda debidamente cuberta e asinada pola persoa que exerce a representación da entidade.

3.1.b) Anexo VII: declaración complementaria e actualizada na data da xustificación de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actuación ou actividade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións. E declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.1.c) Un exemplar de todos os materiais elaborados, carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías, capturas de pantalla e outros documentos, para os efectos de acreditar o cumprimento das obrigas de publicidade e información recollidas no artigo 22.3 e 4 desta resolución.

3.2. Documentación específica para o programa Plan Corresponsables (procedemento SI436A).

3.2.a) Anexo VIII: certificación do gasto subvencionable. Nesta certificación reflectiranse, respecto de cada un/unha dos/das profesionais que desenvolveron as bolsas de coidados, os custos reais correspondentes aos gastos directos de persoal polo tempo efectiva-



mente traballado para a execución da actividade subvencionada. Inclúiranse, así mesmo, o gasto correspondente ao do persoal contratado para o desenvolvemento das actuacións de formación en materia de corresponsabilidade.

Os gastos directos de persoal subvencionables a custo real (nóminas, facturas...) xerados entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023 (ou entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2023), deberán estar efectivamente pagados na data de finalización do prazo de xustificación da subvención, o 11 de outubro de 2023.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificada coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación. As entidades beneficiarias quedan obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario. En todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

3.2.b) Para xustificar o custo real dos gastos directos de persoal terá que presentarse copia dos seguintes documentos:

– Contrato de traballo, no caso de persoal propio da entidade beneficiaria, nos que se deberá incluír a cláusula «Este contrato será obxecto de financiamento a través do Plan Corresponsables».

– Nóminas e recibos de liquidación de cotizacións, así como os modelos TC-2 e documentos bancarios que acrediten a súa realización, no caso de persoal propio da entidade beneficiaria.

– No caso de contratación mercantil dos gastos de persoal: facturas ou documentos con valor probatorio equivalente polo importe correspondente ao persoal contratado, así como os correspondentes xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento. No xustifican-



te bancario deberán constar o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa que emite a factura.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor de servizos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as entidades beneficiarias deberán acreditar a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei, así como a resolución de adxudicación do servizo.

– Modelo 190 de resumo anual, retención de ingresos á conta do IRPF (modelo 111) correspondentes ao período durante o cal se desenvolveu a medida ou actividade subvencionada, unha vez que se dispoña deles segundo o indicado no último parágrafo da alínea a) do punto 3.2 deste artigo, e xustificantes bancarios do ingreso do modelo 111 do IRPF.

3.2.c) Anexo IX: Plan Corresponsables (SI436A): memoria xustificativa da medida subvencionada, con descrición detallada da execución das bolsas de coidados, incluíndo a relación de servizos realizados, as persoas profesionais que desenvolveron os servizos, as familias ás cales prestaron os servizos de bolsas de coidado e as persoas mozas de ata 16 anos que se beneficiaron directamente desas bolsas de coidados. Incluiranse a descrición da tipoloxía e lugar onde se desenvolveron os servizos das bolsas de coidado.

No que respecta aos datos das persoas, necesariamente teranse que desagregar por sexo, e incluíranse as desagregacións por colectivos prioritarios destas bolsas de coidado e do persoal para levalas a cabo segundo o explicitado no artigo 6 desta resolución.

3.2.d) No caso de que se desenvolvesen accións de formación, engadirase unha memoria detallada das actividades e dos módulos das actividades de formación de coidados e de corresponsabilidade dirixidos aos homes e ás familias, coa relación delas e das persoas participantes.

3.2.e) Unha relación numerada das persoas participantes. A dita relación deberá estar asinada pola persoa responsable do programa acreditativa da atención recibida no modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Esta relación será única para todas as actuacións e actividades da medida subvencionada, con independencia de que os fillos ou as fillas participasen nunha ou varias das actuacións.



3.2.f) Para o caso de mulleres contratadas vítimas de violencia de xénero, documento acreditativo desta situación segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

3.3. Documentación específica para o Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (procedemento SI435A):

3.3.a) Anexo VIII: certificación do gasto subvencionable. Para este programa, na certificación do gasto subvencionable reflectiranse, respecto de cada un/unha dos/das profesionais e segundo o posto de traballo, os custos reais correspondentes aos gastos directos de persoal.

Os gastos directos de persoal subvencionables a custo real (nóminas, facturas...), xerados entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, deberán estar efectivamente pagados na data de finalización do prazo de xustificación da subvención, o 11 de outubro de 2023.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación. As entidades beneficiarias quedan obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez (10) días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o último día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

3.3.b) Para xustificar o custo real dos gastos directos de persoal terá que presentarse copia dos seguintes documentos:

– Contrato de traballo ou xustificación da excepcionalidade prevista no último parágrafo do artigo 9.2.1.a) desta resolución, no caso de persoal propio da entidade beneficiaria.

– Informe da vida laboral que reflecta a situación de alta no período en que se desenvolveu a actividade subvencionada, no caso de persoal propio da entidade beneficiaria.



– Nóminas e recibos de liquidación de cotizacións, así como os modelos TC-2 e documentos bancarios que acrediten a súa realización, no caso de persoal propio da entidade beneficiaria.

– No caso de contratación mercantil dos gastos de persoal: facturas ou documentos con valor probatorio equivalente polo importe correspondente ao persoal contratado, así como os correspondentes xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento. No xustificante bancario deberán constar o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa que emite a factura.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor de servizos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as entidades beneficiarias deberán acreditar a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei, así como a resolución de adxudicación do servizo.

– Modelo 190 de resumo anual, retención de ingresos á conta do IRPF (modelo 111) correspondentes ao período durante o cal se desenvolveu a medida ou actividade subvencionada, unha vez que se dispoña deles segundo o indicado no último parágrafo da alínea a) do punto 3.3 deste artigo, e xustificantes bancarios do ingreso do modelo 111 do IRPF.

3.3.c) Folla individualizada de asistencia do persoal que desenvolve a actividade asinada por cada profesional e pola persoa responsable da entidade beneficiaria que coordina e/ou xestiona a actividade, segundo o modelo que aparece publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

3.3.d) Anexo X: memoria xustificativa da medida subvencionada, con descrición detallada de cada unha das actuacións desenvolvidas, incluída a tipoloxía dos gastos directos realizados, así como os resultados obtidos, con indicación do número de persoas participantes desagregadas por sexo.

3.3.e) Memoria detallada das actividades e dos módulos específicos sobre sensibilización en igualdade e/ou a incorporación da perspectiva de xénero con carácter transversal, así como o material necesario para a súa xustificación e descrición (no caso de que se elaborase o dito material).

3.3.f) Relación numerada das persoas participantes asinada pola persoa responsable do programa, no modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade. Para



o caso de que as persoas participantes sexan menores de idade, a dita relación referirase aos proxenitores, preferentemente nai, pai ou ben da persoa que exerza a tutela.

Esta relación será única para todas as actuacións e actividades da medida subvencionada, con independencia de que a mesma persoa participase nunha ou varias das actuacións.

Non serán computables as persoas que non se identifiquen nin aquelas das cales non consten os datos dos indicadores de realización e de resultados na aplicación informática creada para tales efectos e das cales non teñan debidamente cubertos os correspondentes cuestionarios de indicadores previstos no artigo 22.4.2 desta resolución.

Respecto dos cuestionarios de indicadores de realización e de resultado previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1057, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+), empregaranse os modelos dispoñibles na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

3.4. Documentación específica para o Programa de apoio aos CIM (procedemento SI427B). Segundo o disposto nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, para xustificar o custo real dos gastos directos de persoal terá que xustificarse o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación da seguinte conta xustificativa:

3.4.a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control relativa a que se tomou razón en contabilidade do gasto correspondente á execución do programa e que se cumpriu a finalidade para a cal a subvención foi concedida.

3.4.b) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/da alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

– Que se cumpriu a finalidade da subvención.

– Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, diferenciados por anualidade.



des, coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente (nóminas, seguros sociais a cargo da entidade), importe, data de emisión e data de pagamento (no caso dos gastos da anualidade 2023: do 1 de abril de 2023 ao 30 de novembro de 2023) ou de recoñecemento da obriga polo órgano competente (no caso dos gastos da anualidade 2024: do 1 de decembro de 2023 ao 31 de marzo de 2024). Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Dado que a subvención imputable á anualidade 2023 foi aboada integramente como anticipo, o gasto considerárase realizado cando fose efectivamente pagado no ano 2023. Respecto da subvención imputable á anualidade 2024, o gasto entenderase realizado cando o órgano competente da entidade local contabilizase no ano 2024 o recoñecemento da obriga.

3.4.c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia (anexo VII).

3.4.d) De ser o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no suposto de que o gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor de servizos).

3.4.e) Relación numerada de mulleres atendidas no período subvencionable no modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

3.4.f) As entidades locais beneficiarias están obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no ano 2024 no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

4. Co obxecto de homoxeneizar a documentación xustificativa, a documentación prevista na letra e) do número 3.2, nas letras c) e f) do número 3.3 e na letra e) do número 3.4, deberá presentarse obrigatoriamente nos modelos dispoñibles na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido para o efecto comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro



e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

No caso de que a xustificación sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez (10) días, advertíndoa de que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención concedida e, de ser o caso, reintegrar a contía percibida en concepto de anticipo e os xuros de demora.

Artigo 21. *Pagamento da subvención*

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

2. Realizarase un primeiro pagamento do 80 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución. No programa de apoio aos CIM a contía do anticipo non poderá ser superior ao importe da subvención imputada ao exercicio 2023; se for o caso, o importe do anticipo reducirase ata o dito límite. As entidades beneficiarias están exoneradas da obriga de constitución de garantía.

O 20 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación por parte das entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta resolución.

3. Procederá a minoración do importe da subvención concedida ou, de ser o caso, a perda do dereito ao seu cobramento, nos termos e nos casos previstos para cada un dos programas nos artigos 6.10, 7.6, 8.7 desta resolución e nos demais supostos previstos no artigo 24 e na normativa de aplicación relacionada no artigo 26.

Artigo 22. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como



coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e as demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, executar e acreditar a realización do programa, actuacións e actividades que fundamentan a concesión da subvención dentro do período e dos prazos establecidos nesta convocatoria, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e obrigas que resultan da normativa de aplicación.

2. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control. Así mesmo, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Ademais, no caso particular do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A):

– Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

– Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

3. Dar cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos termos que se indican a continuación para cada un dos programas:

– Programa Plan Corresponsables (SI436A): en todo tipo de publicidade e información relativos á actuación e actividades subvencionadas terá que constar a condición de finan-



ciada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e polo Ministerio de Igualdade. Así mesmo, en todos os documentos relacionadas con estas subvencións deberán incluírse os logotipos da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do Ministerio de Igualdade, xunto coa imaxe gráfica do Plan Corresponsables.

– Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A): ademais de dar cumprimento á obriga de dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, tamén se debe cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito regulamento, nos espazos en que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración «Cofinanciado pola Unión Europea». Igualmente, nos lugares de realización da actuación informárase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

– Programa de apoio aos CIM (SI427B): nos espazos de atención ás usuarias informárase do apoio a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible en que terá que constar a condición de que a actuación está financiada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade están dispoñibles a información e os logos, así como un modelo coas características do cartel, emblemas e contido de obrigada inclusión.

4. No caso do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), ao estar cofinanciado polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027, as entidades beneficiarias, ademais, teñen as seguintes obrigas:

4.1. Informar as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están cofinanciadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade).



de-Secretaría Xeral da Igualdade) e polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Os emblemas deberán figurar, como mínimo, en todo o material e nos documentos que se utilicen ou entreguen ás usuarias ou participantes.

4.2. Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1057, do 24 de xuño, relativo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+), polo que deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos devanditos requisitos.

Os indicadores de realización relativos ás persoas participantes refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación da participante coa actuación subvencionada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberanse referir ao período comprendido entre o día posterior á finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación da participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

Para estes efectos, facilitarase ás entidades beneficiarias o acceso á aplicación informática de rexistro e almacenamento dos datos de indicadores que se poña á súa disposición polo organismo intermedio do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos.

Para dar cumprimento a estes requisitos de información, as entidades beneficiarias deberán introducir os datos do perfil cos indicadores de realización e de resultados das persoas participantes na aplicación informática creada para tales efectos. Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán custodiar os cuestionarios de indicadores de realización e de resultados de cada unha das persoas participantes, asinada pola participante, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

5. Dar cumprimento á normativa de protección de datos persoais, en concreto, ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.



As entidades beneficiarias da subvención serán responsables de informar de maneira fidedigna as destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme o especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no parágrafo anterior, para o cal solicitarán o seu consentimento explícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

6. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

7. Para o programa do Plan Corresponsables (SI436A), dispor dun plan de prevención de riscos laborais, conforme a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

8. Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral da Igualdade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas e por outros órganos de control impostos pola normativa no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Para o caso do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), as entidades beneficiarias tamén están obrigadas a facilitar toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 74 a 80 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, e por outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

9. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Secretaría Xeral da Igualdade, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais, para o cal achegarán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Para o Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), por tratarse de axudas cofinanciadas polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027, a entidade beneficiaria someterase ademais ás actuacións de control, comprobación e



inspección e ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 23. *Responsabilidade*

A organización e a materialización das accións obxecto de subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria; a actuación da Secretaría Xeral da Igualdade quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Artigo 24. *Reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Polo anterior, ademais do disposto na normativa xeral de aplicación a estas axudas, procederá a minoración da subvención concedida ou a perda do dereito ao seu cobramento e, de ser o caso, ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, nos supostos establecidos nos artigos 6.10, 7.6, 8.7 respecto ao correspondente programa dos previstos nesta convocatoria.

3. Procederá a minoración da subvención concedida ou, de ser o caso, o reintegro do 10 % sobre a contía total da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.



4. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida ou, de ser o caso, o reintegro do 100 % da contía total da axuda percibida, máis os xuros de demora correspondentes, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

5. Así mesmo, procederá a minoración dun 2 % sobre a contía total da axuda percibida no caso de incumprimento dalgunha das obrigas recollidas no artigo 22, números 2, 3 e 4 desta resolución.

6. Así mesmo, procederá a minoración dun 2 % sobre a contía total da axuda percibida para o caso do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), no caso de incumprimento da incorporación de módulos específicos de promoción da igualdade recollidos no artigo 16.2.1.a) desta resolución tidos en conta para a valoración da solicitude.

7. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 25. *Control*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.

2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás que correspondan a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da pre-



sente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo, no seguinte enderezo: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>. En canto non se habilite outra canle específica para o Programa FSE+ Galicia 2021-2027, os devanditos feitos poderán poñerse en coñecemento a través do seguinte enderezo: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Artigo 26. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nesta convocatoria observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

No Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), para todo o non previsto nesta convocatoria observarase tamén o disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; no Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1296/2013.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.



Artigo 27. Información ás entidades interesadas

Sobre os procedementos administrativos asociados a esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <http://igualdade.xunta.gal>; nos teléfonos 981 54 16 18, 881 99 91 63, 881 99 55 34 e 881 99 55 33 (procedemento SI436A), 981 54 73 97 e 981 54 53 53 (procedemento SI435A), 981 54 53 56 e 981 54 53 57 (procedemento SI427B).

Disposición derradeira primeira

A Secretaría Xeral de Igualdade poderá ditar as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE**

ANEXO I.1

PROCEDEMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES NO ÁMBITO LOCAL	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO SI436A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE LOCAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:
TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/> <input type="text"/>


DATOS BANCARIOS
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.
TITULAR DA CONTA NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/> IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

MEDIDA SOLICITADA (art. 6.2)	
PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES NO ÁMBITO LOCAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA CUSTOS DE PERSOAL (1) (2)
<input type="checkbox"/> Bolsas de coidado, para desenvolver no domicilio das familias por un número determinado de horas semanais (art. 6.2.1.a)	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Bolsas de coidado, para desenvolver en dependencias públicas convenientemente habilitadas para o efecto, tales como escolas, centros municipais, multiúsos, polideportivos, ludotecas, entre outros, cumprindo coas garantías sanitarias, así como coa normativa que lle sexa de aplicación (art. 6.2.1.b)	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias (art. 6.2.2)	<input type="text"/>
TOTAL	<input type="text"/>

(1) A contía solicitada para custos de persoal entenderase incrementada nun 10 % en atención ao establecido no artigo 6.7.

(2) A contía máxima da axuda será de 150.000 euros, cando se trate dunha de solicitude individual, e de 225.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante de fusión de concellos.

DATOS DA XESTIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA
<input type="radio"/> XESTIÓN INDIVIDUAL <input type="radio"/> XESTIÓN COMPARTIDA


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: bvo0jpb4-wgi5-plj4-3os3-afitmdun4w0w7


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta resolución, son as seguintes:

- Non solicitou ningunha outra axuda ou subvención, nin a actividade xera ingresos en concepto de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes.
- Outras axudas ou subvencións ou ingresos obtidos e/ou previstos:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P ⁽¹⁾	IMPORTE (€)	% ⁽²⁾	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA ⁽³⁾	ACHEGA PARTICIPANTES ⁽⁴⁾	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS OU INSTRUMENTOS FINANCEIROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

⁽¹⁾ Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

⁽²⁾ Porcentaxe de axuda sobre o custo total

⁽³⁾ Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

⁽⁴⁾ De ser o caso, contía dos ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes (art. 3.2).

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e, de ser o caso, do Fondo Social Europeo.
8. Ten cumprido o requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia.
9. Coñece as obrigas derivadas da convocatoria.
10. Que dispón dun plan de prevención de riscos laborais, conforme a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
11. Que non foi sancionada, en virtude de resolución administrativa ou sentenza xudicial firme, pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de prevención de riscos laborais no ano anterior a esta resolución.
12. Que non foi obxecto de sanción por resolución administrativa firme ou condenada por sentenza xudicial firme por levar a cabo prácticas laborais consideradas discriminatorias pola lexislación vixente.
13. Comprométese a cumprir cos requisitos establecidos na resolución, incluídos os especificados no artigo 9.1.1 ao respecto da contratación do persoal.
14. Conta entre os departamentos do goberno cunha concellería de igualdade: SI NON
15. Comprométese a colaborar coas actuacións da Secretaría Xeral da igualdade: SI NON





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I.1
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Anexo II (certificación sobre o acordo de solicitar a subvención)			
<input type="checkbox"/>	Anexo II-bis (certificación relativa aos concellos agrupados ou asociados), só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos			
<input type="checkbox"/>	Anexo IV (memoria descritiva da actuación)			
<input type="checkbox"/>	Memoria de aforro de custos, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades ou consorcios			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Convenio de colaboración, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos			

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Xestión e concesión das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos a dito responsable, en concreto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas estatais e autonómicas no exercicio das súas competencias de subvencións e axudas públicas cando sexa necesario para a tramitación e xestión deste procedemento. Os datos comunicaranse á Base de datos nacional de subvencións de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. O órgano administrativo concedente publicará no <i>Diario Oficial de Galicia</i> as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, incluíndo entre outros datos, a identidade da persoa beneficiaria, ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE


- Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

, de de

Secretaría Xeral da Igualdade

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: bvo0jpb4-wgi5-plj4-3os3-afimdn4w0w7



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I.2

PROCEDEMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO SI435A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE LOCAL <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>


E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) <input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia- Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviarase avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :	
TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA <input type="text"/>	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

MEDIDA SOLICITADA (art. 7.1)	
PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA COSTOS DE PERSOAL (1) (2)
<input type="checkbox"/> Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou con mulleres en situación de especial vulnerabilidade (art. 7.1.a)	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Actuación dirixida á loita contra a explotación sexual e a prostitución (art. 7.1.b)	<input type="text"/>
(1) A contía solicitada para custos de persoal entenderase incrementada nun 10 % en atención ao establecido no artigo 7.4. (2) A contía máxima da axuda será de 15.000 euros, cando se trate dunha de solicitude individual, e de 28.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante de fusión de concellos.	

DATOS DA XESTIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	
<input type="radio"/> XESTIÓN INDIVIDUAL	<input type="radio"/> XESTIÓN COMPARTIDA


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: bvo0jpb4-wgi5-plj4-3os3-afimdn4w0w7


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I.2
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta resolución, son as seguintes:

- Non solicitou ningunha outra axuda ou subvención, nin a actividade xera ingresos en concepto de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes.
- Outras axudas ou subvencións ou ingresos obtidos e/ou previstos:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA (3)	ACHEGA PARTICIPANTES	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS OU INSTRUMENTOS FINANCIEROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON


(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total

(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

(4) De ser o caso, contía dos ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes (art. 3.2).

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo.
8. Ten cumprido o requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia.
9. Coñece as obrigas derivadas da convocatoria.
10. Comprométese a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.
11. Conta entre os departamentos do goberno cunha concellería de igualdade: SI NON
12. Comprométese a colaborar coas actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade: SI NON

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: bvo0jpb4-wgi5-plj4-3os3-affmdun4w0w7



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE**
**ANEXO I.2
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Anexo II (certificación sobre o acordo de solicitar a subvención).			
<input type="checkbox"/>	Anexo II-bis (certificación relativa aos concellos agrupados ou asociados), só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos.			
<input type="checkbox"/>	Anexo III (memoria descriptiva da actuación).			
<input type="checkbox"/>	Memoria de aforro de custos, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades ou consorcios.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Convenio de colaboración, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos.			

INFORMACIÓN BÁSICA A SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Xestión e concesión das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos ao dito responsable, en concreto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas estatais e autonómicas no exercicio das súas competencias de subvencións e axudas públicas cando sexa necesario para a tramitación e xestión deste procedemento. Os datos comunicaranse á Base de datos nacional de subvencións, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. O órgano administrativo concedente publicará no <i>Diario Oficial de Galicia</i> as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, incluíndo entre outros datos, a identidade da persoa beneficiaria, ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B).


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------


**Cofinanciado por
la Unión Europea**

Secretaría Xeral da Igualdade


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I.3

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE APOIO AOS CIM	SI427B	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL NIF

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)


IBAN

MEDIDA SOLICITADA (art. 8)

POSTOS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA	Nº DE POSTOS	SUBVENCIÓN SOLICITADA PERÍODO 01/04/2023 A 31/03/2024
Postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Postos de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAIS	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA XESTIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

XESTIÓN INDIVIDUAL XESTIÓN COMPARTIDA

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: bvo0jpb4-wgi5-plj4-3os3-afitmdun4w0w7


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I.3
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta resolución, son as seguintes:

- Non solicitou ningunha outra axuda ou subvención, nin a actividade xera ingresos en concepto de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes.
- Outras axudas ou subvencións ou ingresos obtidos e/ou previstos:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P ⁽¹⁾	IMPORTE (€)	% ⁽²⁾	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA ⁽³⁾	ACHEGA PARTICIPANTES	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS OU INSTRUMENTOS FINANCIEROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON


⁽¹⁾ Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

⁽²⁾ Porcentaxe de axuda sobre o custo total

⁽³⁾ Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

⁽⁴⁾ De ser o caso, contía dos ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes (art. 3.2).

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Ten cumprido o requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia.
9. Ten presentada a memoria anual do CIM correspondente ao ano 2022 ante a Secretaría Xeral da Igualdade, segundo os termos e prazos establecidos no artigo 14 do Decreto 130/2016.
10. Coñece as obrigas derivadas da convocatoria.
11. Comprométese a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.
12. Conta entre os departamentos do goberno cunha concellería de igualdade: SI NON
13. Comprométese a colaborar coas actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade: SI NON

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: bvo0jpb4-wgi5-plj4-3os3-afimdlun4w0w7



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE**
**ANEXO I.3
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Anexo II (certificación sobre o acordo de solicitar a subvención).			
<input type="checkbox"/>	Anexo II-bis (certificación relativa aos concellos agrupados ou asociados), só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos).			
<input type="checkbox"/>	Anexo V.1 (memoria descritiva do funcionamento do CIM).			
<input type="checkbox"/>	Anexo V.2 (ficha individualizada do persoal do CIM).			
<input type="checkbox"/>	Memoria de aforro de custos, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades ou consorcios.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Convenio de colaboración, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos.			

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral Técnica.
